



## ACTA Nº 2022/4

### SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - Telemática. Aplicación ZOOM., venres 25 de marzo de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE. APLICACIÓN ZOOM.
<b>ALCALDESA:</b> MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBÉN VILLAR AGULLEIRO EMILIA TRILLO LOJO JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO RAMÓN VIGO SAMBADE PILAR IGLESIAS LEMA CARMEN DÍAZ FREIRE AGUEDA DÍAZ MEJUTO MARÍA VICTORIA AREAS POSE SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO CESAR PÉREZ MARTÍNEZ JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
<b>SECRETARIA</b> ROCÍO HERMIDA CANCELA <b>INTERVENTORA</b> ROSA M <sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA	<b>AUSENTE</b> ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

**I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2022.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.

#### **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVICIOS PÚBLICOS**

**2. Proposta da alcaldía relativa á Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López: concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000153.**

Considerando o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día xoves 17 de marzo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**2. Proposta da alcaldía relativa á Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López: concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000153**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos

**EXPEDIENTE Nº:** 2021/X999/000153

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente tramitado ao efecto e a documentación que obra no mesmo, entre outra:

1. Contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos.
2. Informe da Tesoureira Municipal emitido en data 15 de abril de 2021.
3. Informe de Secretaría.
4. Acordo Plenario de data 30 de abril de 2021.
5. Escrito presentado pola interesada.
6. Proposta da Instrutora do procedemento
7. Publicacións no TABLÓN EDICTAL
8. Informe do encargado do rexistro da Corporación.

Visto que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 30 de abril de 2021, acordou:

*“PRIMEIRO.-Incoar o procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos.*

*SEGUNDO. Que se dea audiencia ao contratista por un prazo de dez días hábiles desde a notificación deste acordo, para que presenten as alegacións que estime oportunas.*

*TERCEIRO. Nomear como instrutora do procedemento a D<sup>a</sup> Patricia Tellado Campos, Funcionaria do Concello de Cee, a efectos de que requira os informes que estime oportunos, neste senso, estarase ao establecido sobre abstención e recusación aos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.*

*CUARTO.- Recabar asimesmo os informes que se consideren pertinentes en orden a determinar os efectos que as causas de resolución levan consigo, isto é, ademais da incautación da garantía, a indemnización de danos e perxuízos a favor do Concello, así como a reversión das instalacións e determinación do importe das inversións realizadas necesarias para a explotación da concesión tendo en conta a súa amortización, desta forma, a proposta de resolución dos mesmo que proceda elaborarse a vista do anterior, será sometida a pertinente audiencia da parte interesada.*

*QUINTO.- En canto a indemnización de danos e perxuízos a favor da Administración, respecto ao cálculo se estará ao que proceda acordar na correspondente peza separada no que exceda do importe da garantía definitiva que procede incautar.(...)”*



Resultando que a interesada no trámite de alegacións outorgado, límitase a indicar que non se lle extinga a concesión xa que o posto nº 30 está ó día, que foi pagado antes dos 10 días despois de recibir a notificación e que non debe na Deputación da Coruña dende o 24 de xuño do 2021, xa que nesa data, lle concederon un aprazamento, contrario sensu, na data do informe de tesourería polo que se incoa o procedemento, a interesada non alega o contrario..

Considerando a Proposta da Instrutora que obra no expediente emitida o 10 de novembro de 2021, do seguinte tenor literal:

**ACORDO DA INSTRUTORA DO PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ASINADO O 19 DE XANEIRO DE 2004 ENTRE O CONCELLO DE CEE E D<sup>a</sup> ELENA TORICES LÓPEZ RELATIVO A CONCESIÓN DO POSTO TIPO E LOCAL 30 MERCADO DE ABASTOS.**

### ANTECEDENTES

1. Contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos
2. Informe da Tesoureira Municipal emitido en data 15 de abril de 2021
3. Informe de Secretaría e Intervención de data 16 de abril de 2021
4. Acordo Plenario de incoación resolución contractual de data 30 de abril de 2021
5. Alegacións presentadas por D<sup>a</sup> Elena Torices López de data 1 de xullo de 2021
6. Informe emitido pola Tesourería do Concello en data 12 de xullo de 2021
7. Informe do Servizo de Recadación da Deputación Provincial de data 16 de setembro de 2021

### LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

— Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (En adelante TRLCAP)

— O artigo 109 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

— O Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local.

— Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no novo mercado de abastos da Vila de CEE.

— Prego de Cláusulas Económico-Administrativas para a concesión mediatne subasta dos postos de venda e cafetería do novo mercado de abastos da Vila de CEE aprobado en sesión plenaria do 3 de outubro de 2003.

— Contrato Administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004.

Producida a entrada en vigor da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, a súa Disposición transitoria primeira establece que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor do mesmo, rexeranse en canto á súa extinción, entre outros aspectos, pola normativa anterior. Agora ben, para a determinación da lei aplicable ao procedemento de resolución, debemos remitirnos ao momento de incoación do procedemento, data na que está vixente o TRLCAP.

### ANÁLIES DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

No período outorgado á parte interesada, presenta alegacións nas que solicita que non se lle

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



extinga a concesión xa que o posto nº 30 está ó día, que foi pagado antes dos 10 días despois de recibir a notificación e que non debe na Deputación da Coruña dende o 24 de xuño do 2021, xa que nesa data, lle concederon un aprazamento.

Visto o escrito de alegacións, esta instrutora oficia ao Servizo de Recadación da Deputación, que emite informe en data 16 de setembro de 2021 e que se transcribe literalmente:



SERVIZO DE RECADACIÓN

## INFORME

Segundo se desprende da información obrante neste Servizo, ao día da data figuran **PENDENTE COBRO** en período executivo as liquidacións que de seguido se relacionan:

### DATOS DO OBRIGADO AO PAGO:

NOME:	<b>TORICES LOPEZ ELENA</b>
NIF / CIF:	<b>13938745D</b>

### DATOS ESPECÍFICOS DAS LIQUIDACIÓNS:

Nº VALOR:	<b>20213515023LM03R000019</b>
ENTIDADE:	<b>CEE</b>
CONCEPTO:	<b>TAXA LONXAS/MERCADOS</b>
Nº FIXO:	463000743978
PERÍODO:	01/04/2021 - 15/07/2021
IMPORTE PRINCIPAL:	205,56
RECARGA:	10,28
XUROS DE MORA:	0,00
CUSTAS:	0,00
TOTAL:	215,84
INGRESADO:	0,00
PENDENTE:	215,84

“



Nº VALOR:	<b>20193515023LM02R000018</b>
ENTIDADE:	<b>CEE</b>
CONCEPTO:	<b>TAXA LONXAS/MERCADOS</b>
Nº FIXO:	463000743978
PERÍODO:	01/04/2019 - 03/06/2019
IMPORTE PRINCIPAL:	205,56
RECARGA:	41,11
XUROS DE MORA:	17,64
CUSTAS:	0,00
TOTAL:	264,31
INGRESADO:	0,00
PENDENTE:	264,31

Nº VALOR:	<b>20193515023LM04R000018</b>
ENTIDADE:	<b>CEE</b>
CONCEPTO:	<b>TAXA LONXAS/MERCADOS</b>
Nº FIXO:	463000743978
PERÍODO:	18/09/2019 - 20/11/2019
IMPORTE PRINCIPAL:	205,56
RECARGA:	41,11
XUROS DE MORA:	14,05
CUSTAS:	0,00
TOTAL:	260,72
INGRESADO:	0,00
PENDENTE:	260,72



Nº VALOR:	<b>20193515023IU01R010045</b>
ENTIDADE:	<b>CEE</b>
CONCEPTO:	<b>BIENES INMUEBLES URBANA</b>
Nº FIXO:	32657943
PERÍODO:	18/09/2019 - 20/11/2019
IMPORTE PRINCIPAL:	40,00
RECARGA:	8,00
XUROS DE MORA:	2,73
CUSTAS:	0,00
TOTAL:	50,73
INGRESADO:	0,00
PENDENTE:	50,73

Nº VALOR:	<b>20203515023LM02R000018</b>
ENTIDADE:	<b>CEE</b>
CONCEPTO:	<b>TAXA LONXAS/MERCADOS</b>
Nº FIXO:	463000743978
PERÍODO:	04/05/2020 - 01/09/2020
IMPORTE PRINCIPAL:	205,56
RECARGA:	41,11
XUROS DE MORA:	8,02
CUSTAS:	0,00
TOTAL:	254,69
INGRESADO:	0,00
PENDENTE:	254,69

\*\*\*\*\*



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
 15270 CEE (A Coruña)  
 CIF: P1502300E  
 Teléfono: 981 745 100  
 Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

Exp. 2022/G010/000004

<b>Nº VALOR:</b>	<b>20203515023LM04R000018</b>
<b>ENTIDADE:</b>	<b>CEE</b>
<b>CONCEPTO:</b>	<b>TAXA LONXAS/MERCADOS</b>
<b>Nº FIXO:</b>	463000743978
<b>PERÍODO:</b>	17/09/2020 - 20/11/2020
<b>IMPORTE PRINCIPAL:</b>	205,56
<b>RECARGA:</b>	41,11
<b>XUROS DE MORA:</b>	6,33
<b>CUSTAS:</b>	0,00
<b>TOTAL:</b>	253,00
<b>INGRESADO:</b>	0,00
<b>PENDENTE:</b>	253,00

<b>Nº VALOR:</b>	<b>20203515023IU01R010449</b>
<b>ENTIDADE:</b>	<b>CEE</b>
<b>CONCEPTO:</b>	<b>BIENES INMUEBLES URBANA</b>
<b>Nº FIXO:</b>	32657943
<b>PERÍODO:</b>	17/09/2020 - 20/11/2020
<b>IMPORTE PRINCIPAL:</b>	40,00
<b>RECARGA:</b>	8,00
<b>XUROS DE MORA:</b>	1,23
<b>CUSTAS:</b>	0,00
<b>TOTAL:</b>	49,23
<b>INGRESADO:</b>	0,00
<b>PENDENTE:</b>	49,23

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Exp. 2022/G010/000004

Por outra banda, consta na base de datos deste Servizo que segundo Resolución da Presidencia nº 28433 do 30/06/2021 resolutoria do expediente 35110000019553 concédese fraccionamento das débedas anteriormente indicadas, excepto a identificada com nº de valor **20213515023LM03R000019** que nese momento estaba en periodo voluntario de cobranza.

Posteriormente cancelouse o fraccionamento da débeda do expediente de executiva, porque:

O primeiro cargo en conta foi con data do 09/08/2021, e con data 16/08/2021 procédese á devolución da primeira fracción e con data 14/09/2021 á devolución da segunda fracción.

De conformidade co disposto na Resolución anteriormente indicada nº 28433 procedeuse a cancelar o fraccionamento concedido e a continuar co procedemento de prema.

Advertencia: Os importes da recarga, os xuros de mora e as custas do procedemento de prema están referidos á data na que se emite o informe e poden variar respecto dos que se esixan cando se pague a totalidade da débeda.

A Coruña, 16/09/2021

A Xefa do Negociado de Control

Silvia María Quintana López

”.

En consecuencia, **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar o escrito de alegacións presentadas por D<sup>a</sup> Elena Torices López de data 1 de xullo de 2021, en base ao informe transcrito na parte expositiva da presente proposta e dado que polo Servizo de Recaudación da Deputación Provincial, procedeuse a cancelar o fraccionamento concedido e a continuar co procedemento de prema.

**SEGUNDO.-** A resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López, relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos.

**TERCEIRO.** Incautación da garantía constituída a cal consta no expediente que o concesionario efectuou en data 9 de decembro de 2003 o mandamento de ingreso Nº 700 pola cantidade de 120,46 euros como fianza definitiva depositada pola adxudicación do posto.

**CUARTO.-** En canto a indemnización de danos e perxuízos a favor da Administración, respecto ao cálculo se estará ao que proceda acordar na correspondente peza separada no que exceda do importe da garantía definitiva..

**QUINTO.** Trasladar o presente acordo á parte interesada: Dona Elena Torices López, outorgando un prazo de 15 días a efectos de que poida formular as alegacións que estime oportunas, indicando que o expediente está a súa disposición nas oficinas do Concello.

A instrutora do procedemento (...)

Considerando o informe do encargado do rexistro da Corporación emitido en data 10 de marzo de 2022, que literalmente di:





*“FRANCISCO JAVIER LANDEIRA RIAL, funcionario auxiliar administrativo, encargado do rexistro xeral de documentos do Concello de Cee:*

**INFORMO QUE:**

*Examinado o rexistro xeral de documentos, informatizado dende 01/01/1998, cabe sinalar en relación ao asunto:*

*“...ANUNCIO DE NOTIFICACIÓN DE 11 DE FEBREIRO DE 2022 NO PROCEDIMENTO DO PRAZO DE ALEGACIÓNS NO EXPTE 2021/X999/000153, DESESTIMACIÓN ESCRITO ALEGACIÓNS, RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ASINADO O 19 DE XANEIRO DO 2004 E INCAUTACIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA A DONA ELENA TORICES LÓPEZ, DNI 13938745D...”*

*no prazo para a presentación de alegacións, do 17/02/2022 ao 09/03/2022, ámbalas datas inclusive, non consta no rexistro ningún asento que faga referencia á cuestión que se formula.*

*Para que así conste, aos oportunos efectos, firmo o presente.*

*Asdo. Francisco Javier Landeira Rial  
[documento asinado dixitalmente]”*

En consecuencia, por todo o exposto, e en base aos informes transcritos na parte Expositiva e demais que obran no expediente, dos que se deu traslado a parte interesada co gallo da incoación e instrución, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Desestimar o escrito presentado por D<sup>a</sup> Elena Torices López de data 1 de xullo de 2021, en base ao informe emitido polo Servizo de Recaudación da Deputación Provincial, no que indica que procedeuse a cancelar o fraccionamento concedido e a continuar co procedemento de prema, e conforme a Proposta da Instrutora transcrita anteriormente.

**SEGUNDO.-** A resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López, relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos.

**TERCEIRO.** Incautación da garantía constituída a cal consta no expediente que o concesionario efectuou en data 9 de decembro de 2003 o mandamento de ingreso N<sup>o</sup> 700 pola cantidade de 120,46 euros como fianza definitiva depositada pola adxudicación do posto.

**CUARTO.-** En canto a indemnización de danos e perxuízos a favor da Administración, respecto ao cálculo se estará ao que proceda acordar na correspondente peza separada no que exceda do importe da garantía definitiva.

**QUINTO.** Notificar aos interesados coa indicación expresa de que contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.



Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Intervén a Sra alcaldesa di que xa coñecen a proposta, algunha intervencións?  
Non se producen.

-----VOTACIONES-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

### DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

- 3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Convenio entre o Concello de Cee e CIUG para celebración ABAU 2022. Expediente Nº 2021/A006/000002.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 17 de marzo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**“2. Proposta da alcaldía relativa a aprobación Convenio Concello de Cee e CIUG para celebración ABAU ano 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/A006/000002.**

Considerando a seguinte:

#### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** APROBACIÓN CONVENIO CONCELLO DE CEE E CIUG PARA CELEBRACIÓN ABAU ANO 2022.

**EXPEDIENTE Nº:** 2022/A006/000002

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado ao efecto e a retención de crédito obrante no expediente e considerando o Convenio remitido pola CIUG, que literalmente di:

“(…)Primeiro: que o Concello de Cee está interesado en que a proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) para os alumnos de Bacharelato dos centros que se relacionan no anexo I se celebren no termo municipal de Cee.Segundo: que a Comisión Interuniversitaria de Galicia acepta o anterior conforme os condicionamentos resultantes do presente documento, que de seguido se especifican:

#### **CONDICIÓN:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Primeira: o obxecto do presente acordo é a celebración, dentro do termo municipal de Cee, das ABAU para os alumnos de Bacharelato que cursan estudos en centros situados na comarca durante as convocatorias de xuño e de xullo do ano 2022.

Segunda: a financiación dos gastos que ocasione a celebración das probas correrá a cargo do Excmo. Concello de Cee, sendo a contía dos mesmos de 12.355 euros, que se fará efectiva ó remate da convocatoria de xullo e, en todo caso, denantes do mes de outubro.

Terceira: a relación de centros de bacharelato afectados polo presente acordo figura no Anexo I.  
ANEXO I

## COMISIÓN DELEGADA IES Agra de Raices (Cee)

Tfno :981.74.59.84

Fax: 981. 74.58.25

(107)	IES. Agra das Raices	Cee
(154)	IES Terra de Soneira	Vimianzo
(163)	IES Maximino Romero de Lema	Baio- Zas
(167)	IES Fernando Blanco	Cee

## ANEXO II

### Previsión de gastos

Convocatoria de xuño	Total
1 Presidente (Gratificación)	555€
1 Secretario (Gratificación)	485€
8 vocales (Gratificación) 335€x8	2680€
1 Administrativo (Gratificación)	320€
1 Subalterno (Gratificación)	155€
Aloxamento Hotel (66€/día x 3 días x 10 membros)	1.960€
Viaxes de desprazamento (0,19€/Km x 2 viaxes x 80 Km.x10 membros)	304
Manutención 37,40€/día x 4 días x 10 membros	1.496€
Total	7.955€
Convocatoria de xullo	Total
1 Presidente (Gratificación)	555€
1 Secretario (Gratificación)	485€
3 vocales (Gratificación) 335€x3	1005€
1 Administrativo (Gratificación)	320€
1 Subalterno (Gratificación)	155€
Aloxamento Hotel (66€/día x 3 días x 5 membros)	980€
Viaxes de desprazamento 0,19€/Km x 2 viaxes x 80 Km.x5 membros	152€
Manutención 37,40€/día x 4 días x 10 membros	748€
Total	4.400€

Total xuño e xullo:

12.355 €"



Exp. 2022/G010/000004

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN: PRIMEIRO.-** Aprobación do Convenio entre o Concello de Cee e CIUG para a celebración das ABAU, conforme indica a parte expositiva.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo a CIUG, e proceder a sinatura do referido Convenio, facultando a Sra alcaldesa a tal efecto.

Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.”**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

## -----INTERVENCIONS-----

Intervén a Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta é como todos os anos.

Sr Domínguez Louro: en algunha ocasión temos falado, somos partidarios que todos os concellos afectados que mandan os seus estudantes á proba deberían colaborar na cantidade de alumnado, a pregunta igual co ano pasado, como foi o anterior, si algún dos concellos contribuíu.

Sra alcaldesa: o único que contribuíu foi Camariñas, este ano se mandará o convenio a todos os concellos.

Sr Domínguez Louro: debería insistirse.

Sra alcaldesa: xa insisto e enviarase novamente os convenios os concellos en función do número de alumnado que veña facer a proba a Cee pero reitero que neste último ano o único que pagou foi Camariñas

Sr Domínguez Louro ben pois felicitar a Camariñas e convidar os demais a que entendan que é beneficiario para todos, si hai uns gastos o menos é compartilos, porque é bo para Cee evidentemente pero tamén para súa xente e veciñanza que non ten que ir a Santiago nin gastar nin por en perigo os viaxes e demais,todos deberían colaborar, entendido o que me acaba de decir.

## -----VOTACIONES-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por 2 abstencións do grupo político BNG e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

### **4. Proposta da Alcaldía relativa ao REC Nº 2/2022 e levantamento de reparo. EXPEDIENTE Nº 2022/T003/000209.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 17 de marzo de 2022 emitiuse o seguinte **DITAME**:

### **“3. Proposta da alcaldía relativa ao REC Nº 2/2022 e levantamento de reparo. EXPEDIENTE Nº 2022/T003/000209.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando a seguinte:

## “PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO:** RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2022 DE FACTURAS EJERCICIO 2021.

**EXPEDIENTE Nº** 2022/T003/000209.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente Nº 2022/T003/000209 relativo ao Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 2/2022 de facturas do exercicio anterior que ascende a un importe de 6.059,38€ €.

Visto o informe de Fiscalización emitido pola Sra Interventora de desconformidade con suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados (habilitando o crédito necesario para ditos gastos) ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo.

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 14 de marzo de 2022 foi levantado o reparo formulado en canta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas.

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación a resolución da discrepancia plantexada baseada na insuficiencia de crédito (artigo 217.2.a/ do Real Decreto Legislativo 2/2004) e así mesmo, ao solventar o reparo deberá recoñecer extraxudicialmente as facturas e habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- Levantar** o reparo interposto pola Intervención Municipal baseado na insuficiencia de crédito e en consecuencia habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

**SEGUNDO.- Aprobar** o REC 2/2022 polo importe de 6.059,38€

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA”

### -----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, consta levantamento de reparo pola alcaldía. Non se producen mais intervencións.

### -----VOTACIÓNS-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión**



**5. Proposta da alcaldía relativa a: MODIFICACIÓN ARTICULO 3 da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados no terreo de uso público local, así como, industrias callexeiras e ambulantes e rodaxe cinematográfica. EXPEDIENTE Nº: 2022/ G016/000001.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 17 de marzo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**“4. Proposta da alcaldía relativa a: MODIFICACIÓN ARTICULO 3 da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados no terreo de uso público local, así como, industrias callexeiras e ambulantes e rodaxe cinematográfica. EXPEDIENTE Nº: 2022/ G016/000001.**

Considerando a seguinte:

**“PROPUESTA ALCALDÍA**

**ASUNTO: MODIFICACIÓN ARTICULO 3 DE LA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR INSTALACIÓN DE PUESTOS, BARRACAS CASETAS DE VENTA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIONES O RECREO SITUADOS EN TERRENOS DE USO PUBLICO LOCAL, ASÍ COMO, INDUSTRIAS CALLEJERAS Y AMBULANTES Y RODAJE CINEMATOGRAFICO  
EXPEDIENTE Nº: 2022/G016/000001**

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa del Ayuntamiento de Cee, visto el expediente tramitado y los informes que en el figuran, así como el Borrador de Modificación de la Ordenanza fiscal, **PROPONGO** al **PLENO** de la **CORPORACIÓN** la adopción del siguiente **ACUERDO**:

**PRIMERO.** Aprobar provisionalmente la modificación del artículo 3 de la Ordenanza fiscal reguladora de referencia en los términos en que figura en el expediente con la redacción del citado artículo que a continuación se transcribe:

### Artículo 3.-Cuantía

La cuantía de la tasa regulada en esta Ordenanza será la que figura en la siguiente tarifa:

1. Licencia para la ocupación de terrenos destinados a tómbolas, casetas de tiro, puestos de venta ambulante en días de fiesta, rifas, ventas rápidas y similares. Por cada m2 o fracción: 2,50 € diarios
2. Licencia para la ocupación de terrenos destinados a columpios, aparatos voladores, tiouvivos, hinchables, juegos de caballitos, coches de choque y, en general, cualquiera clase de aparatos de movimiento. Por cada m2 o fracción: 2,50 € diarios
3. Licencia para la ocupación de terrenos destinados a teatros, circos, escenarios, palcos y en general cualquier clase de espectáculos que impida la utilización de los demás usuarios de la vía pública. Por cada m2 o fracción: 1,43 € diarios.
4. Licencia para la ocupación de terrenos destinados a la instalación de restaurantes, bares,



pulpeiras, bodegones y similares. Por cada m2 o fracción: 2,50 € diarios

5. Licencia para la ocupación de terrenos con camiones o vehículos para la venta de bocadillos, hamburguesas, chocolates, refrescos, bebidas, frutas, etc. Por cada m2 o fracción: 2,50 € diarios  
La superficie computable será la que realmente ocupe el vehículo, más una franja de terreno de un metro de anchura, paralela al frente de la línea exterior al mostrador o instalación que se utilice para el uso o servicio del público.

6. Licencia para la ocupación de terrenos destinados a la instalación de chocolatería, masa frita, patatas fritas, helados y algodón de azúcar. Por cada m2 o fracción: 2,50€ diarios

7 licencia para la ocupación de terrenos destinados a la instalación de puestos para la venta de turrónes, rosquillas, dulces, frutos secos, frutas y hortalizas, quesos, huevos, patatas, y cualesquiera otros productos comestibles. Por cada m2 o fracción: 2,50€ diarios

8. Licencia para la ocupación de terrenos destinados a la instalación de puestos para la venta directa de juguetes, cerámicas, artesanía, bisutería, textil, calzado y cualquiera otros productos o artículos no comestibles. Por cada m2 o fracción: 1,43 € diarios

9. Fotógrafos, dibujantes y caricaturistas: 5 € diarios

Los artefactos que se utilicen como complemento de sus actividades pagarán por cada m2 o fracción: 1 € diarios

10. Licencias para la venta ambulante, a brazo, de globos, bastones, barquillos y cualquiera otra clase de artículos: 5 € diarios

Los vendedores a que se refiere este epígrafe no podrán utilizar carros, carrillos, vehículos, mesas, ni ningún otro artefacto apoyado en el suelo.

11. Licencia para la ocupación de terrenos destinados a despachos de billetes para la venta de entradas, por cada m2 o fracción 1,43 € diarios.

12. Licencias para la instalación de aparatos automáticos accionados por monedas, para entretenimiento, recreo o venta. Por cada m2 o fracción: 1,43 € diarios

13. Licencia para la ocupación de terrenos con puestos para la venta de libros, revistas, etc. Por cada m2 o fracción: 1,43 € diarios

14. Por la ocupación de vía pública o terrenos de uso público para a rodaje de películas. Por cada m2 o fracción: 2,50€ diarios

15. La ocupación con espectáculos, actuaciones o actividades recreativas o culturales situadas en terreno de uso público por entidades sin ánimo de lucro será objeto de una bonificación del 95% siempre que no exista rendimiento económico para el solicitante o para terceros. La bonificación debe ser solicitada en el momento de presentación de la solicitud y deberá acreditarse la ausencia de ánimo de lucro de la entidad solicitante y la naturaleza de las acciones a desarrollar que serán objeto de examen y posterior decisión por la alcaldía.

16.- Los puestos descritos en los apartados 1,2,4,5,6 y 7, de esta Ordenanza, o cualquier otro de similares características, sufrirán un incremento de 1,91€ en la ocupación por las fiestas patronales da Xunqueira y cualquier otro festejo popular o evento, que se celebre y para el cual se precise la redacción de un proyecto, instalación de acometidas y boletín de alta.

O Concello podrá establecer, para determinada temporada, los terrenos municipales de uso público, en los que permitirá la instalación de teatros, cinematógrafos, circos u otros espectáculos y adjudicar dichos terrenos mediante licitación, conforme las vigentes normas de contratación municipal.

Las adjudicaciones se harán por temporada concreta, con expresión de fecha a fecha, y si la ocupación continuase pasado el último día se liquidarán los días de prórroga proporcionalmente al precio al que fuese adjudicado.

Los derechos fijados en la Tarifa anterior, así como el importe de adjudicación mediante puja, s entiende por la concesión de ocupación, independientemente de que la actividad se lleve o no a



cabo, por lo que no podrá concederse bonificación alguna por causa de lluvias, restricciones en la energía eléctrica o cualquier otra causa de fuerza mayor.

Las instalaciones deberán montadas y desmontadas en el plazo máximo de dos días, antes y después, respectivamente, del tiempo por el que se haga la adjudicación o se conceda la licencia, devengándose en otro caso, los derechos correspondientes por cada día de exceso.

**SEGUNDO.** Dar al expediente a tramitación y publicidad preceptiva, mediante exposición del mismo en el tablero de anuncios de este Ayuntamiento y en el Boletín Oficial de la Provincia, por plazo de treinta días hábiles, dentro de los cuales los interesados podrán examinarlo y exponer las reclamaciones que estimen oportunas.

Asimismo, estará la disposición de los interesados en la sede electrónica de este Ayuntamiento [dirección <https://www.cee.gal>].

**TERCERO.** Considerar, en caso de que no se presentaran reclamaciones al expediente, en el plazo anteriormente indicado, que el Acuerdo es definitivo, en base al artículo 17.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar la Sra. Alcaldesa para suscribir los documentos relacionados con este asunto.

Firmado digitalmente al margen.  
Alcaldesa del Ayuntamiento de Cee.”

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.”**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

## -----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta contempla unha bonificación dun 95% para entidades sen ánimo de lucro e hai unha revisión dos precios.

Sra Díaz Mejuto: la modificación de esta ordenanza viene en respuesta al pleno extraordinario del 2 de diciembre en que 9 de 13 concejales solicitabamos la bonificación del espacio por ocupación via pública de una empresa privada, para el evento del Combo, pensabamos que se iba establecer de alguna manera que dichas actividades pudiesen llevarse a cabo el tema es que si hoy aprobamos esto y mañana vuelve la misma empresa, el mismo espectáculo tendría que pagar las tasas igualmente, es cierto que tendría que pagar un importe menor porque las tasas se reducen pero tendrían que pagar, nosotros consideramos que es insuficiente, es verdad que hay una inclusión en el punto de la ordenanza de una bonificación del 95 % para asociaciones sin ánimo de lucro y es un punto necesario pero si una empresa tiene que elegir entre un concello el de Cee u otro, en Cee pagaría y en otros le facilitan la actuación sin tasa y se quedaría Cee sin evento, aunque sea insuficiente la inclusión del punto de las asociaciones sin ánimo de lucro es importantes tener en cuenta que viene el año jubilar por lo tanto vamos a votar favorablemente a la modificación.





Exp. 2022/G010/000004

Sra alcaldesa: solamente un par de cuestiones Sra Díaz, cuando se solicitó ese pleno no se solicitaba una bonificación sino un exención, no se llegó a votar porque era nulo de pleno derecho el acuerdo que proponían, segundo respecto a los precios que se fijan fueron tasados por los técnicos correspondientes y lo que estaba a 5 euros se pasó a 1.43 euros a diferencia de lo que sucedía en el evento que dicen, era un espacio cerrado y cobraban entrada 10 o 12 euros, evidentemente en la ocupación de cualquier suelo público hay que pagar tasa no puede ser gratis. Sra Díaz: quería la réplica, yo creo que copié bien de todas formas lo voy a comprobar, si que es verdad que era una carpa, se acotaba espacio, se cobraba entrada y se pidió el pleno para eso, la modificación de la ordenanza baja los precios, perfecto, la bonificación del 95% a las asociaciones perfecto, pero el precio sigue estando, es verdad que por ocupación de vía hay que pagar, pero en otros concellos se le facilita las cosas eso es cuestión de cada concello, digo que Cee seguiría perdiendo, nada mas.

Sra alcaldesa: con independencia del precio del suelo para ese evento, no se cumplían los permisos correspondientes entre ellos la póliza de seguro de responsabilidad civil sino repase usted el acta, ya ve reflejado todos los incumplimientos que presentaba no era solo el problema de las tasas me comprometí en ese pleno de traer una modificación con los trámites correspondientes y bajando el precio conforme a indicaciones y valor de los técnicos de 5 euros se fija en 1.43 y para las entidades sin ánimo de lucro, va una bonificación del 95%.

Sra Díaz: si que me leí y repasé el acta, vi todo lo que se pedía también se llegó a la conclusión que se dejara de presentar la documentación por el precio de las tasas que se decía tenían que pagar, sigo diciendo que si una empresa viene a Cee, y tiene que elegir entre hacer un evento en Cee acotando espacio, pagando entrada entre otro concello como Carballo y Corme, porque allí actuó el Combo de forma gratuita, evidentemente elegirá otro concello, al margen de eso consideramos que reducir los importes está bien, la bonificación es necesario yv otamos favorablemente.

Sra alcaldesa: pues revise las tasas de Carballo cuando se hace en terrenos privados o fincas privadas, revise las tasas.

Sra Díaz: yo soy concejal de Cee

Sr Vigo: si acabó la Sra Díaz

Sra alcaldesa: si porque ya contra réplica, réplica.

Sr Vigo: simplemente sin entrar a valorar los antecedentes a los que hacía referencia la Sra Díaz Mejuto, porque darían para todo este pleno y dos más, manifestar que la bonificación de esta ordenanza mejora ostensiblemente para los que quieran organizar sobre todo punto vista asociativo, cualquier tipo de evento en Cee, por lo tanto nuestro grupo va a votar favorablemente esta modificación.

Sr Domínguez Louro: nos tamén vamos apoiar este punto e votalo a favor, non temos problema con iso consideramos necesaria esa bonificación, evidentemente e incluso xa o vimos na comisión da certa ambigüedade dalgún punto pero quecou claro o outro día e espero que se manteña non teño problema con iso e celebro que unha vez celebrada a primeira comisión onde a ordenanza era case igual a isto e non contemplaba o das festas da xunqueira se lle dexe unha vota se escoitase o que dixemos e agora si se contemple que en ocasións especiais eses prezos quedan por debaixo da realidade e é necesario incrementalos para que haxa mais ingresos e



poder asumir unhas festas como todos queremos polo tanto nada mais esa foi a proposta do Bng na primeira comisión e revisouse, está feito e vamos votar a favor desta modificación.

## -----VOTACIÓNS-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidades dos asistentes á sesión plenaria.**

### **6. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Suplemento de Crédito Nº 1/2022. Expediente Nº 2022/T002/000008.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 17 de marzo de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**“5.Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Suplemento de Crédito Nº 1/2022. Expediente Nº 2022/T002/000008.**

Considerando a seguinte:

#### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 1/2022.

**EXPEDIENTE Nº:** 2022/T002/000008

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2021, da Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 1/2022, e en consecuencia, destinar **22.154,18 €** do remanente para gastos xerais a incrementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
153.2/619.00	22.154,18€	Vías públicas, inversión.
<b>TOTAL</b>	<b>22.154,18€</b>	

